

Martes, 24 de setembro de 2019

Núm. 183

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Persoal, oposicións

R.P. POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO O DÍA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA E FÍXASE O TEMPO DE EXPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UN POSTO DE PROFESOR/A COLABORADOR/A DE METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

O Deputado delegado, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Por Resolución Presidencial de data 2 de setembro de 2019 désígnanse os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión dun posto de profesora ou profesor colaborador de Metodoloxía da Investigación, dependente da Escola Universitaria de Enfermería para o curso académico 2019/2020 (BOPPO núm. 171, de 6 de setembro de 2019), determinándose como data de constitución do tribunal o día 16 de setembro de 2019 e como data de realización da entrevista o día 26 de setembro de 2019.

Constituído o tribunal no referido 16 de setembro, vista a comunicación do seu acordo adoptado nese mesmo día, RESOLVO:

- 1º Deixar sen efecto o día sinalado para a realización da entrevista dada a procedencia de requirimento de emenda da documentación achegada polos aspirantes na fase de valoración de méritos, en determinados casos, e debido á necesidade de que o tribunal se volva a reunir para valorar as xustificacións logo das emendas.

A data de realización da entrevista publicarase nos taboleiros de anuncios da Escola de Enfermería e da Deputación, e na propia páxina web da Deputación con, polo menos, TRES DÍAS HÁBILES de antelación.

- 2º Así mesmo, e a petición do Tribunal, fíxase un tempo máximo de 10 minutos para a exposición do currículum e doutros 20 minutos para a exposición do proxecto docente, non podendo acumularse entre si. Isto con independencia das preguntas que ao final de cada período poida efectuar o Tribunal. Tal tempo estímase polo Tribunal como adecuado en relación coas características do posto que se oferta.

Así mesmo, faise constar que en aras da maior transparencia, e así solicitado tamén polo tribunal, as entrevistas serán públicas.

Pontevedra, 19 de setembro do 2019.

O deputado delegado,

O secretario

